

PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN TABOLEIRO DE ANUNCIOS DO CONCELLO DE CARBALLO

Ponse en coñecemento dos posibles interesados que a Alcaldía/Presidencia desta Entidade Local, en data 26-08-2026, ditou a resolución con número 2405/2026 que deseguido se transcribe:

RESOLUCIÓN

Rectificación de erro material na Resolución da Alcaldía núm. 2364/2026, do 19 de agosto pola que se aproba a listaxe Definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1).

Antecedentes.-

Primeiro.- Por Resolución da Alcaldía núm. 2364/2026, do 19 de agosto, acordouse a aprobación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1).

Segundo.- O 25 de agosto Sandra María Del la Fuente García, interesada no procedemento, presenta un escrito con rexistro de entrada número 202699900006628 onde indica que *"figura que teño o Comdix cando no Anexo II non marquei dita casilla. Rogo o teñan en conta para incluírme na exame se procedese"*.

Terceiro.- Tras comprobar no expediente, efectivamente dito erro prodúcese na parte resolutiva, no apartado Primeiro, no Decreto de Alcaldía núm. 2364/2026, do 19 de agosto.

Conforme ao disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas: "As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos".

En consecuencia procede rectificar o citado erro material.

Consideracións xurídicas.-

De conformidade có previsto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, éstas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

Á vista de todo o anterior e de acordo coas atribucións que confire á Alcaldía o art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente,

RESOLVO:

Primeiro.- Rectificar o erro detectado na parte resolutiva da Resolución do Decreto, no apartado primeiro, onde figura a listaxe de administros/as da Resolución da Alcaldía núm. 1466/2026, do 28 de maio, pola que se acordou a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas e nomeamento do tribunal cualificador do proceso selectivo para a elaboración dunha listaxe de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de postos de Administrativo/a (Grupo C, Subgrupo C1):

A tales efectos, onde di:

Parte resolutiva.

“Primeiro.-

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	COMDIX	CELGA
14	DE LA FUENTE GARCIA	SANDRA MARIA	**37827**	SI	SI

Debe dicir:

“Primeiro.-

Nº	APELIDOS	NOME	DNI	COMDIX	CELGA
14	DE LA FUENTE GARCIA	SANDRA MARIA	**37827**	NON	SI

Segundo.- Que se notifique esta resolución aos interesados.

Esta publicación serve como notificación aos posibles interesados, en cumprimento do establecido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e de conformidade co establecido no artigo 194 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Documento asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Secretario

Susana Mariño Lorenzo